

O financiamento autonómico

Entrevista

Vidal-Beneyto: "Os medios sucumben á banalización"

Cultura

A orquestra O.M.E.GA e o grupo Parto



Políticas medioambientais

CONSERVAR A PASO LENTO



José Vidal-Beneyto, columnista e catedrático de Socioloxía

comunicación

O mediático esixe brevidade, que logo se traduce en deformación

Aurelio Castro **Texto**

Para quen intervén acotío nos *media* con ánimo de disenso, coma Vidal-Beneyto, facerse entender sen sucumbir á banalización é o meirande reto.

Consultamos con este profesor de socioloxía e articulista, IV Premio José Couso, o elo dos intelectuais co espazo público e a memoria de Maio do 68.

Que principios sosteñen o seu labor de columnista?

Coma en calquera outra caste de actividade no espazo público, o meu único obxectivo é ser útil. Ser útil, nunha situación extraordinariamente difícil. A realidade contemporánea, da que tentamos informar, e tamén dalgún xeito, explicar, é tremendamente complexa. E isto témolo que facer dende unha consideración dobre. A primeira, que debemos presentar o que queremos dicir da maneira máis ampla posíbel, porque non está destinado a un público específico, senón de masa. Principalmente, a información audiovisual e a radiofóni-

ca. Pero mesmo nun xornal coma *El País* toparei con oitenta ou cen mil lectores diarios. Cómpre falar de cousas difíciles, daquela, coa meirande intelixibilidade que se poida. Amais, o espazo público consiste en espazos moi breves. En televisión non é doado pasar dos dez, quince minutos. Nunha columna hai setenta e dúas liñas. Falar de

algo complexo, con brevidade e precisión, para un público extenso, esa é unha tarefa case imposíbel. Porén, é a nosa tarefa. Que sucede adoito? Unha redución simplificador, non xa da realidade, senón do que nós queríamos dicir respecto dela.

Custa máis disentir arestora, co tumulto cotián de informacións?

É unha interpretación válida. Mais eu diríao doutro xeito. Fun durante case trinta anos presidente do Comité Mundial de Comunicacións de Masa, dende onde se guindarían grandes temas de reflexión. E por oito anos debatemos consonte esta hipótese:

que non presentamos a realidade, senón que a producimos. É un actitude que non variou en absoluto. Cal debe ser a nosa arela coma informadores? Antes que nada, precisar minimamente os conceptos. Trátase, claro, dunha servidume epistemolóxica que non ten cabida na maior parte de procesos informativos. Por caso, o famoso "hai que ser obxectivo". Iso é unha paifocada, que o Comité mirou abondo de desterrar. Se físicos coma Haisenberg, e outras persoas igual de capaces no campo científico, nos convenceron de que o coñecemento do real, *tal e como é*, carecía de sentido, porque o simple feito de me achegar a el e de querelo coñecer o modificaba, xa me dirá vostede que ocorre de pasarmos a un mundo tan aleatorio coma o das ciencias sociais. E dentro das ciencias sociais, ao da información, se cadra o máis complicado de todos.

En *Sobre la televisión*, Pierre Bourdieu aconsellaba que para interviren os intelectuais e científicos nos medios de comunicación, primeiro debían asegurarse un espazo e tempo de expresión que non constrinxisen o seu pensamento.



A batalla do columnista

Ao lle declarar decote a batalla á ideoloxía neoliberal, as columnas de José Vidal Beneyto (Carcagente, 1929) parecen tamén bater adoito coa información de internacional de *El País*, do que é socio fundador. “Afortunadamente, non me gaño a vida así, senón coa miña actividade de profesor”, di o que fóra activo opositor ao franquismo e participante no “Contubernio de Múnich”. Vidal Beneyto é Catedrático de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid e director do Colexio de Altos Estudos Europeos Miguel Servet de París, onde reside. Amais escribiu, entre outros títulos, *Poder global y ciudadanía mundial* (Taurus, 2004) e *Derechos humanos y diversidad cultural* (Icaria, 2006). Acaba de recibir o IV Premio José Couso de Liberdade de Prensa, outorgado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

O mediático esixe brevidade. Que se traduce, á fin, en superficialidade e deformación. Se hoxe, na recepción do premio, teño que falar dez minutos, pois é evidente que teño dúas opcións: ou dez minutos sobre un só punto, ou lanzo unha mangada de pílulas; a un por minuto son dez, a dous por minuto son cinco. Esa é sempre a servidume de cando participamos en espazos públicos.


Os “novos filósofos” franceses foron a degradación mediática do intelectual comprometido?

Son os renegados de Maio do 68, no senso de que participaron con entusiasmo no movemento para logo acabaren en posicións antitéticas, non xa dos ideais do 68, senón do que

eles mesmos querían representar naquela altura. Na realidade española temos tamén moitos exemplos así. Os “novos filósofos”, coido, non gozan de máis significación que o lugar privilexiado que se lle deu no panorama mediático francés. Todos eles teñen unha condición común, que son forofos de Israel e partidarios do Atlantismo. E non ten a ver, abofé, con que moitos deles sexan xudeus. Por exemplo, o meu amigo Edgar Morin é xudeu cen por cen e ocupa un lugar ideolóxico contrario ao seu. Máis ben, a hipótese correcta é que son persoas que, ao se incorporaren a grandes grupos de comunicación, tiveron que adobiar e dereitizar o seu discurso.

O relato sobre Maio do 68 coma acontecemento que cómpre esquecer, débesele principalmente a estes “novos filósofos”?

Fronte a Maio do 68, no que estiveron Morin, Castioradis ou algúns dos maiores intelectuais naquela altura, os “novos filósofos” non é que fagan agora balance del, e que ese balance estea matizado. Non é que perderan o fervor revolucionario. Non, os Bernard Henri-Lévy e compañía renegan non do que acadaron, que sempre é menos do que se pretende, senón de todo o que pretendieron. Din que aquilo carecía de todo sentido, que foi o acontecemento responsábel da degradación posterior da vida intelectual, cultural e



política francesa e universal, xa que a ruptura resoou no mundo enteiro.

Con todo, o 68 tamén pariu un pensamento aínda de esquerdas e antagonista, coma o de Alain Badiou ou Daniel Bensaïd.

Non creo que Badiou ou Bensaïd se caracterizaran daquela polo seu protagonismo, senón por como revisaron con posterioridade a esquerda radical. O que si, Maio do 68 non elaborou - chamémoslle con palabras maiores - un pensamento ideolóxico correspondente á importancia que o movemento tivo. No libro que talvez gozaba de máis sona, *La Brèche*, só figura unha vía de posíbel transformación contestataria da realidade. E ningunha formulación. Por que? Afirmar que todo é posíbel, que o individuo pode... para min o gran tema, hoxe e xa hai moitos anos, é o da conciliación da igualdade coa liberdade. E non se toca, nin profunda nin superficialmente, en *La Brèche*.

Cal foi entón a ruptura do 68?

Á parte desa afirmación radical de que había que acabar co mandato, pero claro, feita con moita menor consistencia de como o fixeran denantes o movemento libertario ou o anarcosindicalismo españois... mitificamos todos de máis a Maio do 68 e habería que poñer

lo no seu sitio, dicindo que si, que foi un momento de eclosión social, no que se lle deu voz plena e lexítima aos movementos sociais de base. Os que despois serían grandes protagonistas da nosa contemporaneidade, as minorías étnicas, as minorías sexuais, a problemática da natureza, todo iso nace co 68. Era a idea de que xa estaba ben de estados e tamén, de organizacións formais, que había que pensar nunha contribución de base. Ao meu xuízo, esa é a gran achega de Maio do 68.

A esquerda aprendeu que non precisaba da representación dun partido?

Acabo de dicirllo. Evidentemente, estes grupos non son organizacións políticas, nin sequera sociais, importantes. Pero se é verdade que iso aconteceu, tamén hai que recoñecer que non se produciu ningún gran lanzamento específico global. En todas partes se permitiu que o que podía emerxer, emerxese. Volvo ao mesmo tema: perdemos unha oportunidade extraordinaria de liquidar esta servidume dos discursos feitos e reiterados. Porque esa é a natureza do mundo mediático actual. Mire vostede, de todo o que está a suceder, o que máis me proe é o non sermos capaces de saír de condenas obvias. En definitiva,

Maio do 68, e ese é o discurso de todos os "novos filósofos", veu significar a morte do comunismo e do marxismo. Esa é realmente a única valoración positiva, se é que é positiva, na que coinciden todos estes protagonistas menores.

Corenta anos despois, conquerirle outras lecturas é unha cuestión de loita política?

Claude Lefort escribiu que non se trataba de acabar co comunismo, senón de traspoñer a súa mensaxe a outras realidades. A mensaxe comunista era a da igualdade e sobre todo, a de vivirmos no mundo do traballo. Pensar que Maio do 68 foi importantísimo porque acabou con esa mensaxe, a min paréceme lamentábel. O meu obxectivo é, foino sempre, que os movementos radicais, neste caso do mundo do traballo, se integrasen na realidade política concreta dos países e das sociedades democráticas.

Quere engadir algo máis?

Que é o que nos cómpre facer, a todos os que estamos nos medios? Intentar ser útiles. Non a nivel privado, non nas nosas vidas persoais, senón publicamente e no espazo público. A utilidade pública, mediática, é unha utilidade social necesaria.